

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 3 DE XULLO DE 2019

Lista de asistentes

Presidenta, decana e coordinadora de calidade

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria e representante do PAS

Cadilla Lomba, Josefina T.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

Coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Comendador Rey, Beatriz

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

Estudantes egresados

López López, Marta

Membros da sociedade

Eguileta Franco, José María

Desculpan ausencia

PDI

López Díaz, María

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o mércores 3 de xullo de 2019, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de xuño de 2019.
- 2.- Informe da presidenta.
- 3.- Validación, se procede, do procedemento relativo á satisfacción de usuarias e usuarios do seguintes rexistros:
 - 3.1.- Proposta de Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios
 - 3.2.- Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios.
 - 3.3.- Fichas técnicas do deseño da actividade de avaliación
 - 3.4.- Informe de resultados da avaliación.
 - 3.5.- Informe de seguimento do PAESU.
- 4.- Validación, se procede, da planificación e desenvolvemento da docencia:
 - 4.1.- Modificación do procedemento para o seguimento e control da docencia.
 - 4.2.- Validación, se procede, das guías docentes.
 - 4.3.- Validación, se procede, do calendario escolar da Facultade de Historia, para o curso 2019 – 2020.
 - 4.4.- Validación, se procede, dos horarios do Grao e Xeografía e Historia e do PCEO Grao en Turismo – Grao en Xeografía e Historia, para o curso 2019 – 2020.
 - 4.5.- Validación, se procede, do calendario de exames do Grao en Xeografía e Historia e do PCEO Grao en Turismo – Grao en Xeografía e Historia, para o curso 2019 – 2020.
- 5.- Validación, se procede, do novo Regulamento do Traballo Fin de Grao da Facultade de Historia.
- 6.- Rolda de intervencións

A decana pasa a dar lectura ao nome da membro da Comisión de Calidade que xustifica a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta. Indica que na addenda enviada hai un pequeno erro, onde pon addenda á

convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Historia do 3 de xuño e asinada o día 1 de xuño, debería por, *addenda á convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Historia do 3 de xullo e asinada o día 1 de xullo*. A secretaria pide desculpas polo erro de transcripción cometido.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de xuño de 2019.

A presidenta explica que Beatriz Comendador, profesora e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade solicitou por correo electrónico que se introducira unha pequena modificación na acta, realízase a modificación proposta. Apróbase a acta por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Comeza indicando que a Área de Calidade abriu este ano por primeira vez unha convocatoria para que, voluntariamente, se avalíe internamente o Informe de Revisión pola Dirección elaborado polos centros; considera que para a Facultade de Historia é unha proposta interesante e xa se manifestou o interese en participar.

Realizáronse distintas reunións co alumnado do Grao en Xeografía e Historia, os do PCEO e cos semipresenciais. En relación ao PCEO lamentablemente non se levaron a cabo os cambios solicitados polo alumnado porque non se presentaron a tempo na Xunta de Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo. Manifesta o seu malestar porque eran modificacións moi lóxicas e sería convinte acometelas o antes posible, seguirá tentando que a decana de Ciencias Empresariais e Turismo o presente á Xunta de Facultade para o vindeiro curso. A outro nivel, o alumnado do PCEO está moi agradecido coas reunións que mantiveron coa decana de Historia, así mesmo explicaron que na outra facultade o trato non é tan directo e apenas contan coa súa opinión. Susana Reboreda volverá tratar das problemáticas que afectan ao alumnado do PCEO con Dolores Rivero, nova coordinadora do Grao en Turismo.

Con respecto ao alumnado semipresencial, continúan solicitando que se realicen pílulas aínda que claro, é algo voluntario e non se pode obrigar ao profesorado a realizalas. Expuxeron que si non se quere gravar que por favor se mande esquema do que se vai dar en cada clase cada día. A decana xa lles indicou que non se lles pode asegurar nin que todos os profesores graven as clases nin que todos suban os apuntamentos, pola súa parte a coordinadora do grao, Beatriz Vaquero, considera que esta proposta é aceptable e que tentará convencer ao profesorado.

Hai unha alumna semipresencial con problemas de audición que se matriculou fai dous cursos académicos. Mantivéronse reunións co Gabinete Psicopedagóxico en relación a súa problemática. Por distintos motivos todo quedou no aire, e este curso académico recibiu un correo electrónico do gabinete con peticións canto menos “curiosas”, entre outras: unha cadeira con unas características moi determinadas, subtitular todas as clases gravadas... A alumna asistiu á reunión do alumnado semipresencial e en todo momento falaba do seu problema en concreto. Dado que era unha reunión xeral para todos os semipresenciais considerouse que sería máis convinte ter unha reunión en privado con ela e coa responsable do gabinete para tratar destas circunstancias tan particulares. A profesora Beatriz Vaquero, indica que ás pílulas non lle sirven porque non pode seguir os vídeos, considera que haberá que indicarlle unha biografía determinada. A presidenta explica que a facultade non dispón dos medios técnicos para poder subtitular e que se pediu axuda a UVigo TV . Volveuse falar co gabinete psicopedagóxico e solicitóuselles que as cousas específicas que precise a alumna, deberá mandalas nun listado para que no curso 2019-2020 se poidan tratar directamente co profesorado implicado.

Finalizaron os períodos de preinscrición nas distintas titulacións que se imparten na facultade. O Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio ten 22 preinscritos , O Mestrado Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade ten 4 preinscritos pola UVigo. Do Grao en Xeografía e Historia aínda non hai datos publicados.

Chegou ao decanato unha convocatoria que realiza a Xunta de Galicia para o Bacharelato STEAM. Inicialmente pola súa denominación pensouse que era unicamente para bacharelatos de Ciencias e Tecnoloxías pero desde a Reitoría aclaráronlle que tamén podían participar ás Humanidades. Trátase dunha colaboración entre institutos e universidades no que o centro universitario fai o papel de asesor no proceso de realización dun proxecto que o alumnado terá que defender no centro universitario. Dada o pouco prazo do que se dispuña, Susana Reboreda formulou unha temática sobre a Antiga Grecia. Na súa opinión, nesta convocatoria será difícil entrar pero na seguinte poderá haber máis posibilidades. A profesora Beatriz Comendador manifesta a súa sorpresa porque pertence a un grupo de innovación docente e a UVigo non lles comunicou nada.

O martes día 9 de xullo a decana e o vicedecano terán unha reunión co Conselleiro de Cultura e Turismo para intercambiar ideas sobre saídas profesionais do Grao en Xeografía e Historia en relación coa Consellería de Cultura e Turismo, unha vez que se están abrindo novos campos nos que

calquera pode facer tarefas relacionadas coa historia tales como teatralización de festas históricas, visitas históricas guiadas, etc.

Expoñen ás súas opinións sobre o tema o profesor Antonio Presedo que fala de que no fondo todo isto é un proceso de mercantilización da historia, as profesoras Beatriz Comendador, Beatriz Vaquero, Yolanda Barriocanal e o representante da sociedade José M^a Eguileta . Indícase que non deixa de ser curioso que poidan vir os guías turístico a explicar cousas aínda que por exemplo a escavación se fixera polos propios arqueólogos e investigadores da universidade. Manifestan a súa indignación polo proceso de monopolización por parte dos guías turísticos de calquera tipo de actividade que se realice no entorno dos BIC.

Podería ser interesante tentar regular un selo turístico de calidade que identificaría claramente as tarefas deste tipo que están feitas con rigor, é dicir que contarían cun aval turístico-científico. Serán benvidas todas as suxestións que se reciban. En realidade hai un grave agravio comparativo porque o alumnado do Grao en Turismo está queda habilitado automaticamente como guía turístico, aínda que non teña competencias en materia histórica. E o alumnado do Grao en Xeografía e Historia que ten competencias en materia histórica pero non se lles habilita como guías turísticos. Evidentemente son peticións difíciles de poder levar a cabo pero é moi interesante que o conselleiro de Cultura e Turismo de Galicia sexa consciente da problemática que existe.

3.- Validación, se procede, do procedemento relativo á satisfacción de usuarias e usuarios do seguintes rexistros:

3.1.- Proposta de Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios.

Explícanse as modificacións máis relevantes. Valídanse por asentimento.

3.2.- Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios.

Explícanse as modificacións máis relevantes. Valídase por asentimento.

3.3.- Fichas técnicas do deseño da actividade de avaliación.

Explícanse as modificacións máis relevantes. Valídanse por asentimento.

3.4.- Informe de resultados da avaliación.

Explícanse as modificacións máis relevantes. Valídanse por asentimento.

3.5.- Informe de seguimento do PAESU.

Explícanse as modificacións máis relevantes. Valídanse por asentimento.

4.- Validación, se procede, da Planificación e desenvolvemento da docencia:

4.1.- Modificación do procedemento para o seguimento e control da docencia.

Explícase o informe. Beatriz Vaquero realiza unhas aclaracións interesantes que se teñen en conta. Valídanse por asentimento.

4.2.- Validación, se procede, das guías docentes.

A profesora Beatriz Vaquero remitiu o enlace coas guías docentes a todo o alumnado e a todo o profesorado, e tamén se remitiron desde o decanato. Valídanse por asentimento.

4.3.- Validación, se procede, do calendario escolar da Facultade de Historia, para o curso 2019 – 2020.

Explícase o calendario. Despois dunhas modificacións solicitadas e tidas en conta. Valídanse por asentimento.

4.4.- Validación, se procede, dos horarios do Grao e Xeografía e Historia e do PCEO Grao en Turismo – Grao en Xeografía e Historia, para o curso 2019 – 2020.

A decana explica o complicado que resulta cada ano que pasa a confección dos horarios dada a implantación sucesiva do PCEO. Valídanse por asentimento.

4.5.- Validación, se procede, do calendario de exames do Grao en Xeografía e Historia e do PCEO Grao en Turismo – Grao en Xeografía e Historia, para o curso 2019 – 2020.

Este ano haberá unha semana máis para facer exames. Valídanse por asentimento.

5.- Validación, se procede, do novo Regulamento do Traballo Fin de Grao da Facultade de Historia.

Explícanse as liñas xerais do novo regulamento. Como novidade para o curso 2019-2020 o alumnado de grao poderá presentar o TFG no mes de setembro. Para o TFM esta posibilidade poderá tamén estar aberta para setembro de 2019. Distintos membros do profesorado dan a súa opinión e modifícase unha data que figuraba no calendario coa que non había acordo.

Valídase por asentimento.

5.- Rolda de intervencións.

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.00 h do día 3 de xullo de 2019, da que eu como secretaria dou fe, co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba